

**A/Á SECRETARIA-INTERVENTORA ACUMULADA DO CONCELLO DO PINO, Ángela María Viqueira Allo**

**ASUNTO: SEGUNDO REITERARAMENTO DE SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN** (Actas dos Plenos e Xuntas de Goberno Local), **Á SECRETARIA ACUMULADA DO CONCELLO DO PINO, ANGELA MARÍA VIQUEIRA ALLO**

D. Óscar Vilar Chento en calidade de voceiro do Grupo Municipal PSdeG-PSOE do Pino, ante a Secretaria-Interventora acumulada do Concello do Pino, Angela María Viqueira Allo, e como mellor proceda comparece e **EXPÓN:**

**Primeiro:** que con carácter xeral e de acordo o estipulado no artigo 23.1 de CE, o dereito á información dos concelleiros/as, como representantes dos cidadáns, é un dereito fundamental que exige a súa participación e coñecemento en cantos datos poidan afectar ao exercicio das súas funcións de representación.

**Segundo:** que a xurisprudencia é fonte de dereito, e nesta materia o Tribunal Supremo e os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidade Autónomas teñen matizado o alcance e contido ao dereito á información. Sinalando que, **a denegación do acceso á información e documentación ten que ser sempre motivada.** Deixando claro que o acceso á documentación e información municipal por parte dos concelleiros/as é un medio eficaz que lles permite realizar correctamente e eficazmente a súa labor, ademais de ser un instrumento para controlar a acción do Goberno.

**Terceiro:** que a diversa lexislación española establece o dereito que teñen os membros das Corporacións Locais para obter cantos antecedentes, datos, ou información que obren no poder dos servizos da Corporación.

**Cuarto:** que, con data 22 de xaneiro de 2020, mediante escrito rexistrado no Concello do Pino e dirixido á Secretaria-Interventora acumulada do Concello do Pino, Anxela María Viqueira Allo, solicitou as copias das Actas dos Plenos e das Xuntas de Goberno Local. En base a non ter recibido ningún dos concelleiros/as do Grupo PSdeG-PSOE ningunha acta de Plenos e ningunha acta das Xuntas de Goberno Local do presente mandato (2019-2023).

**Quinto:** que, con data 17 de febreiro de 2020, formulou reiteramento de todo o solicitado o día 22-01-2020, obtendo nula resposta por parte da Secretaria-Interventora acumulada do Concello do Pino, Angela María Viquería Allo.

**Sexto:** que a distinta normativa obriga a poñer a disposición de todos os membros da corporación as actas do Plenos e Xuntas de Goberno Local aos 5 días de celebración dos mesmos.

En base a todo isto, reitera a solicitude de data 22-01-2020 e a do 17-02-2020 **REQUIRINDO** á Secretaria-Interventora do Concello do Pino, Angela María Viqueira Allo, **á maior brevidade:**

**As Copias das Actas da totalidade do Plenos Celebrados no presente mandato (2019-2023), así como as copias das Actas da Xuntas de Goberno Local.**

En Arca, O Pino, a 2 de xuño de 2020

Asdo. Óscar Vilar Chento